



**NARÓN**

## **MOCIÓN PARA FACER REALIDADE O ARRANXO DA PRAZA DE GALIZA.**

**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

Nos anos 90 a zona da contorna da rúa 25 de xullo sufriu unha grande transformación pasando de ser unha extensión de terreos e campos ao que coñecemos hoxe, unha Praza cunha superficie de arredor duns 7000 metros cadrados con dous edificios de vivendas e que conecta o Auditorio, a casa da cultura, superficies comerciais, a casa consistorial, o antigo centro de saúde...

A Praza de Galicia, que é da que estamos a falar, catro anos despois da súa construción dicían os membros do goberno que era unha praza baleira, fría, sen vida, e incluso fea..., polo que decidiron facer unha reforma cuxa pretensión inicial era humanizala, e sacouse o palco da música que estaba no centro para poder sacar actividades do Auditorio á Praza e aproveitala, algo que non se estaba facendo. En definitiva, buscar unha solución para que ese espazo público tivese vida.

Desde esa reforma non se fixo un mantemento da Praza, mais no ano 2023 anunciaba o goberno municipal un proxecto de reforma da mesma, con novos xardíns, xogos infantís e zonas comerciais, que ascendía a un total de 2,155 millóns que se financiarían unha parte con Fondos Next Generation da UE e outra con fondos municipais. Esperabamos daquela non só a mellora da praza se non tamén que os problemas de mofo e humidades na casa do concello serían solucionados.

No 2024, antes do inicio da reforma, o concello vese na obriga de renunciar a estes fondos, polo que non se realizou esta tan esperada e necesaria reforma.

Así, todo fai indicar que hai problemas estruturais que están a danar o edificio do concello e o centro comercial. Mostra disto, é a situación de diferentes oficinas, nomeadamente o lugar do rexistro, onde as pingueiras, problemas de humidade e paredes moi deterioradas están a danar non só o edificio se non que pode chegar a ser un problema de saúde para as persoas que a diario traballan ao carón destas grandes humidades. Ademais, a situación

do centro comercial non mellora tampouco polo que é preciso buscar unha solución. Por todo isto, o arranxo estrutural da mesma praza debe ser algo que o goberno municipal ten que considerar “prioritario e inminente”.

**Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:**

1. Instar ao concello a aprobar un informe definitivo do porque dos problemas de humidade e estruturais da unidade que conforman a casa do concello e o centro comercial Narón
2. Priorizar o arranxo das humidades do edificio do concello con urxencia.
3. Instar ao concello a rematar o proxecto integral de mudanza da Praza de Galicia tendo en conta os problemas estruturais que danan ao consistorio.

Narón, 19 de maio de 2025

**Asdo: Olaida Ledo López.**

Portavoz Municipal do BNG de Narón.